



## ANUNCIO

### EXTRACTO ACORDOS XUNTA DE GOBERNO DE 17.08.2016

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 17 de agosto de 2016**.

1. **Aprobación do borrador da acta** da sesión ordinaria do 10 de agosto de 2016.
2. Concesión de licenza para obras varias en planta primeira e instalación de ascensor do Colexio da Inmaculada, sito na rúa A Estrada, nº 8 – Marín.
3. Dase conta da concesión de subvención para o investimento denominado *“RECONSTRUCCIÓN DE PONTE E URBANIZACIÓN DA RÚA PONTE ZAPAL”* con cargo o Plan Provincial de Obras e Servizos 2016, por importe de 156.534,27 €.
4. Dase conta da resolución do 4 de agosto de 2016 polo que se amplía o crédito para o ano 2016 de subvencións a concellos para o apoio ao investimento para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas por Feader no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.
5. Dase conta da Orde do 9 de agosto de 2016 pola que se amplía o crédito existente para a concesión de axudas dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinado á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia.
6. Dase conta do anuncio de notificación de 9 de agosto de 2016 no procedemento de deslinde aprobado pola O.M. de 3 de agosto de 2016, do tramo de costa que cómprente a totalidade do término municipal de Marín, excepto o tramo correspondente á Escola Naval de Marín (Pontevedra). Ref. DES01/09/36/001(aprobación deslinde).
7. Corrección de erros no acordo relativo á aprobación do proxecto incluído no PLAN MARCO: mellora de camiños municipais de acceso a explotación agrarias-2016, cofinanciado co Feader, no marco do PDR de Galicia 2014-2020, denominado *“PAVIMENTACIÓN E MELLORA DO CAMIÑO RURAL DE AREALONGA-PITUCO”*
8. Dase conta da proposta de resolución provisional de concesión de subvención ao Concello de Marín para o apoio ao investimento para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas por Feader no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.
9. **Rogos e preguntas.** Non se formulan